



ACONTECIMENTOS DO ANO

A redacción do Anuario Brigantino agradece a colaboración especial que para este apartado tivo por parte dos corresponsais locais de "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego", D. Antonio Naya Salorio e D. Eusebio Tenreiro García.

Agradecemos así mesmo a colaboración gráfica de: Arume, Estudios Blanco, Faraldo, Fersal, Gabín, Novío. "La Voz de Galicia", "El Ideal Gallego", ...



Faraldo

Museo das Mariñas
Vista parcial da Sala do Traxe.

5 de xaneiro de 1993

Como cada ano tivo lugar a tradicional Cabalgata de Reis, organizada pola Asociación de Veciños de Santa María-A Ribeira e a Escola-Taller do Concello de Betanzos. O día 6, na Sala Capitular do Concello, os Reis Magos de Oriente fixeron entrega de numerosos regalos ós nenos máis necesitados do térmico municipal. O acto estivo organizado polo Club Costa Verde.

10 de xaneiro de 1993

Coa xa tradicional xornada de convivencia da Terceira Idade, remataron os actos programados para as festas de Nadal e Aninovo pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes, que contou coa colaboración das entidades culturais e deportivas de Betanzos.

14 de xaneiro de 1993

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura unha conferencia do Catedrático de Economía e Deputado Autonómico, D. Xosé Manuel Beiras Torrado sobre o Tratado de Maastricht. O acto estivo organizado polo BNG de Betanzos.

16 de xaneiro de 1993

Reuníronse no Concello de Orosa os Alcaldes dos concellos polos que pasa o Camiño de Santiago, coñecido popularmente como Camiño Inglés. Os rexedores municipais acordaron solicitar da Xunta de Galicia a promoción desta ruta xacobea. O Concello de Betanzos estivo representado polo Cronista Oficial da cidade, Don Raimundo Núñez Lendoiro.

27 de xaneiro de 1993

A xove María América Fernández Miguez, alumna do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos, obtivo o Premio Extraordinario de Bacharelato convocado pola Consellería de Educación. Este é o segundo ano consecutivo que un estudiante do citado centro acada esa distinción, que na convocatoria anterior correspondeu a David Martínez Márquez.

28 de xaneiro de 1993

Asinouse un convenio entre o Ministerio de Xustiza e o Concello de Betanzos, para a realización na nosa cidade do Servicio Social Sustitutorio por parte de trinta Obxetores de Conciencia. Actuaron en representación de ambos organismos D. Angel Pampillón e o Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares Pérez.

29 de xaneiro de 1993

Nun Pleno do Concello foi aprobado o presupuesto municipal para o exercicio de 1993, que alcanzou a cifra de setecentos noventa millóns de pesetas.

28 de xaneiro de 1993

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, presentou o proxecto da "Escuela Taller Pasatiempo" que supón unha inversión de 506 millóns de pts. Ó acto asistiu o Presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda; o Director Xeral de Traballo, D. Manuel López Pérez; o Director Provincial do INEM, D. Javier Morado; Alcaldes da comarca e outras personalidades. O día 30 abriuse ó público a parte baixa do Pasatempo, despois dos traballos da Escola Taller.



Febreiro de 1993

Realizaronse nestes días varias obras de pavimentación, apertura e conservación de distintos camiños veciñais nos lugares do Marulo, Martinete, Talai, Xan Rozo, Requian, Guilde, Abelares, Castro-Pontellas e Tiobre. Esta actuación enmarcouse dentro dun convenio entre a Deputación Provincial e o Concello de Betanzos.



10 de febreiro de 1993

Cumpriu cén anos de idade Dña Rosa Vázquez Vázquez, veciña de Tiobre. Por este motivo foille entregada unha placa conmemorativa por parte do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.►

Febreiro de 1993

Iniciáronse as obras da segunda fase de urbanización da avenida do Carregal que, entre outras medidas, contempla a construcción de beirarrúas e a plantación de árbores.

Febreiro de 1993

Deron comenza nestes días as obras de construcción do depósito de auga no lugar do Outeiro, parroquia de Requian. Esta obra está incluída dentro das diferentes actuacións para dotar de auga a varias localidades do termo municipal de Betanzos.

Febreiro de 1993

Neste mes quedou constituído en Betanzos o Consello Local de Consumo, presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares. O novo organo local ten a súa sede na planta baixa do Edificio Liceo, e velará pola calidade dos alimentos, así como atender calquera posible reclamación que poida ser presentada polos consumidores.

19 de febreiro de 1993

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o acto de entrega das chaves de corenta vivendas sociais, construídas polo Instituto Galego da Vivenda, no polígono das Cascas en Betanzos. Fixeron a entrega o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Director Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, D. Antonio Couceiro Méndez, e o Delegado Provincial da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, D. Jesús Almuñá.

20 de febreiro de 1993

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura un concerto do Cuarteto Moriatov de Rusia, organizado pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes.

23 de febreiro de 1993

Disputouse no campo de fútbol García Irmáns de Betanzos un encontro de fútbol amistoso entre o Betanzos e o Deportivo da Coruña. Os aficionados respondieron como se esperaba, rexistrando o novo estadio un abarrote completo que serviu para que o club local ingresara nas súas arcas máis de millón e medio de pesetas. O resultado foi de 0-5 a favor dos coruñeses.

Marzo de 1993

Concluíron as obras de reparación da igrexa de Santa María do Azougue, que foron sufragadas pola Xunta de Galicia e a parroquia.

10 de marzo de 1993

Quedaron expostas no Concello as listas, facilitadas polo Ministerio de Obras Públicas, dos propietarios, bens e dereitos afectados pola construcción da Autovía do Noroeste Lugo-A Coruña, no tramo Montesalveiro-Autopista A-9.

12 de marzo de 1993

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto do grupo Música Doméstica, dentro do ciclo "A música do descubrimento", organizado pola Delegación Municipal de Cultura.



15 de marzo de 1993

Na Sala Capitular do Concello foille entregada unha placa conmemorativa do seu centenario ó veciño de Betanzos, D. José María Iglesias Pérez quen a recibiu de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. O novo centenario foi concelleiro republicano independente nos anos da Segunda República.

16 de marzo de 1993

O Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne e o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, fixeron entrega das chaves de cincuenta e dous vivendas sociais incluídas dentro da terceira fase do Polígono da Condesa, e construídas a cargo da administración autónoma. A continuación fixeron unha visita ó polígono.





18 de marzo de 1993

A partir deste día estivo exposta no Edificio Arquivo unha mostra sobre a orixe da moeda e o selo, organizada pola Deputación Provincial da Coruña en colaboración coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre e o Concello de Betanzos.



29 de marzo de 1993

Nun acto presidido polo Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, foi aberta ó público a praza de Alfonso IX, logo da súa remodelación levada a cabo polos distintos módulos da Escola-Taller de Betanzos.

29 de marzo de 1993

Faleceu en Betanzos D. José Bello Carro, quen fora funcionario do Concello de Betanzos.



31 de marzo de 1993

Foi inaugurada neste dia a segunda fase das obras do mercado de abastos de Betanzos, nas que foron invertidos vintedous millóns de pesetas, trece deles aportados polo órgano autonómico. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado do Conselleiro de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, D. Juan Fernández e do Delegado Provincial de Industria, D. Juan Lizanur. Foron recibidos oficialmente no Concello polo Alcalde e por diversos membros da Corporación Municipal.

24 de abril de 1993

Foi inaugurada oficialmente a ponte peatonal sobre o río Mandeo, realizada tras un acordo entre o Concello de Betanzos e Caixa Galicia. Proxectada polo Enxeñeiro D. Rafael Menéndez de la Vega y Pardo, foi construída integralmente en madeira laminada e ten unha lonxitude de 41 metros, que a fai a máis grande deste tipo construída en España. O acto de inauguración estivo presidido





polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez e o Presidente de Caixa Galicia, D. José Ramón Docal Labaén. Estiveron tamén presentes o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Salvador Fernández Moreda, outras autoridades e numeroso público.



Abril de 1993

Os traballos realizados no entorno do medieval Mosteiro de Donas das Cascas ocasionaron a destrucción dun dos dous corpos do edificio.



28 de abril de 1993

Trinta obxectores de concencia incorporáronse ó Concello de Betanzos para realizar o servizio social sustitutorio, logo dun convenio entre o Concello e o Ministerio de Xustiza.



1 e 16 de maio de 1993

No edificio Arquivo estivo exposta unha mostra adicada ó Globo de Betanzos, organizada pola Coral Polifónica como homenaxe a D. Claudino Pita Pandelo no sesenta aniversario do seu falecemento. O 16 de maio tivo lugar o acto de clausura, sendo depositado pola Familia Pita, por Don Andrés Martínez Guerra e pola Coral Polifónica de Betanzos todo este material expositivo no Museo das Mariñas, onde permanece exposto ó público de xeito permanente.

2 de maio de 1993

A falta de tres xornadas para a finalización da liga de Rexional Preferente, o equipo de fútbol do Betanzos festexou no campo García Irmáns o seu ascenso á Terceira División.

7-9 de maio de 1993

O longo destes días celebrouse a VIII Festa do Viño de Betanzos na que participaron catorce colectivos da comarca brigantina e que tivo como pregoeiro ó poeta Manuel María. O bo tempo foi por unha vez un aliado que animou á xente a asistir á festa, e que levou á comercialización de cerca de quince mil litros deste producto. Tra-la cata dos diferentes caldos expostos, correspondeulle o primeiro premio ó viño blanco presentado por Estela Gómez Gómez.





17 de maio de 1993

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, inaugurou oficialmente o Centro Cultural Santo Domingo, onde se ubican o Arquivo e a Biblioteca Municipais, xa en funcionamento, e o Museo das Mariñas que a partir deste día abriu definitivamente as súas portas ó público. O acto contou coa presencia do Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Salvador Fernández Moreda, o Segredario Xeral do PSDG-PSOE, D. Antolín Sanchez Presedo, o Director do Centro Cultural Santo Domingo, D. Alfredo Erias Martínez, así coma outras autoridades municipais, diversas personalidades da arte e da cultura e público en xeral. Despois dun percorrido polas instalacións, pechouse o acto cunha actuación da Banda Municipal na Aula de Cultura.






13 de maio de 1993

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación dun video promocional de Betanzos, que correu a cargo do Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez.

14 de maio de 1993

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a entrega do IV Premio de Poesía e Relato Curto "Francisco Aguiar" de Betanzos. Este ano o primeiro premio na modalidade de relato curto foi para o ourensá Xabier Cid, e o de poesía para David Creus Andrade, de Cee. No acto de entrega de premios participaron os escritores Xosé Neira Vilas e a súa dona Anisia Miranda. Este certame, organizado polo Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" e patrocinado polo Concello de Betanzos, Deputación Provincial e a Dirección Xeral de Política Lingüística, vai dirixido a tódolos alumnos de Ensinanzas Medias de Galicia.



TRABALLOS PREMIADOS 1993

21 de maio de 1993

Foi inaugurada a Praza de Doña Agueda polo Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez. No acto estiveron presentes varios representantes da familia dos Irmáns García Naveira, quenes fueron recibidos con anterioridade na Sala Capitular do Concello. Como colofón tivo lugar na citada praza unha actuación da Banda Municipal de Betanzos.



22 de maio de 1993

Causou estupor na cidade a noticia do suicidio de dous irmáns de Arteixo, que apareceron afo-gadas no río Mandeo.



25 de maio de 1993

Na Sala Capitular do Concello de Betanzos tivo lugar a sinatura dun convenio entre o "Instituto Nacional de Empleo" e os Alcaldes de Arteixo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Coirós e Irixoa. O acordo, que contou coa presencia da Gobernadora Civil da Provincia da Coruña, Dª Pilar Lledó, permitirá a realización de diversas obras nestes municipios.

28 de maio de 1993

Na Aula Municipal de Cultura pronunciou unha conferencia o Cronista Oficial da cidade, D. José Raimundo Núñez Lendoiro sobre o Camiño Real a Santiago, tamén coñecido por Camiño Inglés.

29 de maio de 1993

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura unha representación teatral do grupo Luzada, integrado por alumnos do Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" de Betanzos.

29 de maio de 1993

O campo de fútbol García Irmáns foi o lugar escollido para a celebración da final da VI Copa Deputación Provincial da Coruña, que disputaron os equipos do Rancing de Ferrol e Ordes, proclamándose campeón o Ferrol na tanda de penaltis.

30 de maio de 1993

Cun concerto da Banda Municipal na Aula Municipal de Cultura deuse por rematada a programación do "Día das Letras Galegas" que se veu desenvolviendo nestas datas, baixo a organización da Delegación Municipal de Cultura e Deportes.

6 de xuño de 1993

Neste día tiveron lugar as Eleccións Xerais ó Congreso dos Deputados e ó Senado. Sobre un censo de 9.505 votantes, déronse os resultados seguintes: PSdeG PSOE, 3.237; PP, 3.167; BNG, 517; EU-UG, 270; CDS, 100; outros, 107; blancos e nulos 127; abstención, 20,83%.

7 de xuño de 1993

Deu comenza na nosa cidade a segunda fase do proxecto "Brigantium" de nutrición, dirixido polos catedráticos da Universidade de Madrid, Dª Olga Moreira e D. Gregorio Varela e no que participaron varios sanitarios da zona, exercendo como coordinador o Dr. D. Juan Suárez Barros. O traballo estivo financiado pola Consellería de Sanidade, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Betanzos e a Fundación Barrié de la Maza.

10 de xuño de 1993

Regresou a Betanzos Javier Ares García-Japi, despois de viaxar en bicicleta desde Texas (XI-1992) ata o Betanzos de Bolivia, atravesando: México, Belice, Guatemala, El Salvador, Honduras, Nicaragua, Costa Rica, Panamá, Colombia e Ecuador. No Betanzos boliviano asistiu á "Fiesta de la Patata" que se celebra en maio. Así mesmo, comprometeuse a buscar axuda económica para reconstruir a súa "Escuela Mayor".►

14 de xuño de 1993

Tivo lugar o I Concierto Didáctico da Banda Municipal na que os nenos foron os principais protagonistas. O acto estivo organizado polos Amigos da Banda en colaboración coa Delegación Municipal de Cultura e Deportes.

21 de xuño de 1993

Un camión cargado de "palets" volcou na curva da Angustia da N-VI, sen que o conductor sufrise danos de gravedade.

27 de xuño de 1993

Celebrouse a "XII Vuelta Ciclista a la Comarca Brigantina", organizada polo Club Ciclista Betanzos. A vitoria individual correspondeu a José Luis Sánchez de la Rocha, e o primeiro corredor local foi Francisco Javier de la Fuente que ocupou a cuarta praza.

27 de xuño de 1993

Faleceu na cidade de Córdoba, ós 52 anos de idade, D. Antonio Cal Vázquez, "Purriños", gran mestro que foi de música de jazz, á que dedicou boa parte da súa vida. A el debémoslle o renacemento musical de Betanzos dos últimos anos, labor que realizou desde o seu cargo de Director da Banda Municipal, á que lle soubo dar ese pulo necesario para a súa formación e consolidación. O seu carácter afable e campechano convertiuno nunha persoa non só coñecida, senón popular e querida. Desde o Anuario Brigantino lembrámolo con recoñecemento e agarimo.►



Erias



Do 1 ó 14 de xullo de 1993

Ó longo destes días pódose contemplar no Edificio Arquivo a exposición itinerante "Camiños a Compostela, Cultura e Tradición na Provincia da Coruña", organizada pola Deputación Provincial. Foi presentada polo Deputado, D. Antonio Lagares Pérez.

6 de xullo de 1993

Neste día entregáronse os títulos de propiedade da Concentración Parcelaria de Cortiñán-Piadela por parte do Delegado Provincial da Consellería de Agricultura, D. Rogelio Aramburu.

10 de xullo de 1993

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a actuación do Ballet Georges Ballanchine, encadrada dentro do programa de actividades do verán elaborado pola Delegación Municipal de Cultura.

13 de xullo de 1993

Coñécese pola prensa que a Agrupación Pasiño a Pasiño viaxou á cidade irmá de Pont L'Abbé, onde participou na Festa das Bordadoras.

16 de xullo de 1993

Dentro da programación de verán elaborada pola Delegación Municipal de Cultura, presentouse no Auditorio do Pasatempo un novo espectáculo da Escola de Danza da Deputación Provincial da Coruña, que contou coa asistencia de numeroso público.

16 de xullo de 1993

Inaugurouse no Edificio Arquivo a mostra itinerante "O Comic en Galicia", promovida pola Deputación Provincial. O acto foi presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e contou co Presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreira, a Gobernadora Civil, Dona Pilar Lledó Real, o Deputado D. Manuel Regueiro, outras personalidades e público en xeral.





16 de xullo de 1993

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreira, a Gobernadora Civil, Dona Pilar Lledó Real e outras personalidades, visitaron o Curso de Gráfica (Concello-UIMP), que dirixe o artista brigantino D. Jesús Núñez.

16 de xullo de 1993

O Alcalde, D. Manuel Lagares impuxo a insignia da cidade a dous funcionarios municipais recentemente xubilados: D. Fernando García López, policía, e D. José Ucha Brañas, músico.

17 de xullo de 1993

Foron nomeados funcionarios catro novos policías locais: D. José Amado Pose, D. José Gil Sesar, D. Simeón Porto Fernández e D. Juan Carlos Gómez Dopico.



18 de Xullo de 1993

O médico betanceiro D. Carlos M. Fernández Fernández, asiduo colaborador do Anuario Brigantino, participou na Conferencia Internacional "Music in Spain during the Eighteenth Century" (Musica en España durante o s. XVIII) que se celebrou en Cardiff (Pais de Gales) durante os días 16 e 19 de Xullo. A súa participación ven dada pola invitación expresa da Universidade de Gales e o Centre for Eighteenth-Century Musical Studies, como consecuencia dun traballo de investigación, xa publicado, considerado como moi novedoso no campo da Musicoloxía. En Decembro sería invitado a participar na reunión do "Proyecto RIIA" (Relaciones Italoiberoamericanas) que se celebrou en Cremona baixo o título "Il Teatro



Musica (1701-1914): Lo Stato della Ricerca" (O Teatro Musical 1701-1914: o estado da investigación), que se celebrou en Cremona, Italia, entre os días 2 e 3 de Decembro. A reunión estaba organizada polo "Istituto per lo studio della Musica Latinoamericana durante Il periodo Coloniale (IMLA)" en colaboración coa "Università degli studi di Pavia, Scuola di Paleografia e Filologia Musicale de Cremona", e o "Centro di Musicología Walter Stauffer". A ponencia, como membro do Proxecto RIIA, versou sobre o uso dos arquivos de institucions asistenciais para o estudio das funcións escénicas. O resultado da participación quedou marcado polo encargo dun capítulo para un libro colectivo sobre o tema do encontro que, editado en Italia, será presentado na proxima reunión do Proxecto RIIA (Na Coruña en Deciembre de 1994).

24 de xullo de 1993

O xesuita brigantino, D. Santiago de la Fuente García sj, celebrou neste dia as bodas de plata sacerdotais cunha Misa concelebrada por varios cregos e cantada pola Coral Polifónica de Betanzos na igrexa de Santo Domingo, á que asistiron numerosos familiares e amigos. O homenaxeado exerce normalmente a súa actividade relixiosa na República Dominicana. Home comprometido coa sociedade e coa cultura, deixou en Betanzos unha laboura moi importante. Desde o Anuario Brigantino, o noso recoñecemento e admiración.►

Xullo de 1993


Presentouse no campo de fútbol Garcia Iráns a nova plantilla do Betanzos. Unha das novedades e o novo entrenador D. Xulio Díaz, así como os xogadores Rabiña, Javi, Castro, Domingo, Abel, Juan Luis e Lito.

25 de xullo de 1993

Cumprindo coa tradición, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, fixo a ofrenda por tódolos que deron a súa vida por Galicia, no cruceiro da Cruz Verde. Acompañábanlo membros da Corporación, a Agrupación Pasiño a Pasiño e público en xeral.►

29 de xullo de 1993

O Auditorio do Pasatempo acolleu neste día o IV Festival Folklórico Internacional de Música e Danza "Galicia 93", no que participaron agrupacions de Rusia, Portugal, Aragón e Galicia.





30 e 31 de xullo, 5,6 e 7 de agosto de 1993

Coa organización da Delegación Municipal de Cultura, estes días celebrouse no patio do Museo das Mariñas un ciclo de música, no que actuaron a orquesta "Marcial de Adalid", "Quinteto Atlántida", "Trio de Cámara Mendelson", "Grupo de metales Santa Cecilia" (na fotografía) e "Banda Municipal de Betanzos".



1 de agosto de 1993

Inaugurouse no Edificio Arquivo unha mostra de traballos da Escola Taller Betanzos. O acto foi presidido polo concelleiro, D. Andrés Beade Dopico e contou coa presencia do Director da Escola, D. Justo Pedreira, mestres, alumnos e público en xeral.

6 de agosto de 1993

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, presentou o Programa de Festas "San Roque 93" na Sala Capitular do Concello.



8 de agosto de 1993

Celebrouse no campo de fútbol García Irmáns o trofeo "Cidade de Betanzos" entre o Valladolid e o Sporting de Gijón. A tanda de penaltis decantou o triunfo a favor do Valladolid, xa que ó remate do partido chegouse con empate a cero goles.

Agosto de 1993

Nos primeiros días deste mes finalizaron as obras de remodelación da Praza da Constitución, que se levaron a cabo nestes dous últimos meses por persoal de obras do Concello.

13 de agosto de 1993

Clausurouse a mostra itinerante "Ausencias" no Edificio Arquivo, patrocinada pola Deputación Provincial e composta por pinturas de 18 artistas galegos.

14 de agosto de 1993

Inauguráronse no Edificio Arquivo dúas exposicións: a "XII Mostra de Artes Plásticas" da Agrupación Inzar e a titulada "El arte de vivir", patrocinada pola Deputación Provincial da Coruña.

14 de agosto de 1993

Coa presencia de numeroso público na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, coroou á Raiña das Festas Patronais, a fermosa e simpática Paula Pérez Gómez. A continuación desde o balcón da Casa Consistorial, o ex-Ministro de Asuntos Exteriores Deputado e Parlamentario Eropeo D. Fernando Morán deu lectura ó pregón das festas. Seguidamente na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción á Raiña das Festas, as súas damas de honra e acompañantes así como ás autoridades presentes.





Pregón das Festas

Reina y Señora, Damas de Honor e Ilustrísimo Señor Alcalde, distinguidísimas autoridades, ciudadanos de la muy noble, siempre leal y real ciudad de Betanzos.

Cuando recibí la invitación del Excmo. Ayuntamiento de Betanzos para desempeñar esta tan honrosa y placentera, pero también difícil, tarea de ser pregonero, he de confesar que representó un pequeño enigma, que rápidamente puse de lado; es más, que no tenía gran interés en descifrarlo.

¿Por qué para tan magna ocasión se habían fijado en mí para desempeñar esta tarea? No poseo ni las dotes literarias que han elevado, ocasiones anteriores en estas Fiestas, a verdaderas obras literarias y, evidentemente, ni las poseo en gallego.

Pregones he leído de esta ciudad donde se ha llegado a límites difícilmente superables de sinceamiento de la lengua e incluso de pulimiento del gallego. Por ejemplo, el pregón de Alfredo Conde. En otros, se han aportado datos importantes a la historia política, cultural y social de Betanzos, como el pronunciado por el cronista, D. José Raimundo Núñez Lendoiro. Otros, como el de D. José Antonio Miguez, han insertado la ocasión de las Fiestas en el sentir, en el pálpitó último de la vida cotidiana de Betanzos.

No es mi caso, evidentemente, porque ni tengo dotes, ni poseo ese contacto que sólo da la convivencia con las gentes de la ciudad, para tratar de llegar a entender cuál es realmente el último latido de la vida cotidiana. Pero no importan tanto las razones porque sería designado, sino las razones que yo me había apresurado a aceptar. Yo he pensado que dejaba al Ayuntamiento de Betanzos la responsabilidad de elección y me cumplía a mí solo tratar de desempeñar lo mejor que pudiese el encargo y aprovechar esta participación para vivir de cerca las Fiestas de Betanzos. Por lo tanto, contestándome a mí mismo, he llegado a la conclusión de que mi rápida aceptación se debe a una sensación que he tenido siempre que he atravesado la hermosa ciudad de Betanzos.

En esta ciudad, se desprende una ola de paz, de calma y de felicidad. Bajo ese cordón sutilísimo de la lluvia, bajo el dorado sol de las Mariñas, incluso en las bonitas tardes de invierno, Betanzos se me aparecía a mí como un refugio, como un microcosmos de una vida ciudadana muy ajustada, como un lugar donde las cosas están en su sitio, donde se respira una dicha de vivir que sin duda es aquello a lo que uno puede aspirar con más intensidad, con más esperanza, pero que no tantas veces se obtiene.

Hay una sensación de vivir lo individual, en armonía con lo colectivo, que hace fluida, serena, dulce, y al mismo tiempo, enormemente interesante la vida de la ciudad.

Hace años, leyendo la narración de la convalecencia de un soldado guipuzcoano, encontré el siguiente párrafo: "El cielo gris y el aire, y la arboleda, eran un bálsamo para su alma". Algo así encuentro yo que se desprende en la ciudad de Betanzos. Hay villas, por el contrario, que se hierguen como un desafío frente a un paisaje adusto y enemigo, como manifestación de la voluntad humana de dominar y vencer al contorno y hacer frente y dominar a la Naturaleza. Tal es en algunas ciudades de Aragón, y algunas también de Castilla. Otras se asientan en laderas, como aferrándose con las uñas para no caer al abismo. Algunas sirven de transición entre la urbanización y el campo, entre el agua, los ríos y la floresta. Entre ellas, pocas que posean la sutileza de la transición entre lo urbano y lo natural que tiene Betanzos.

Algunas ciudades integran su particularismo de tal forma que las hace permanecer fieles a sí mismas a lo largo de los siglos, rompiendo un poco la armonía del contorno y estableciendo lo humano como módulo para fijar la belleza en el estricto criterio estético.

Hay otras donde esta transición es fluida, fácil, natural, y esto me parece a mí que es, realmente, Betanzos. Betanzos, que ha estado, diríamos, en todas las coordenadas importantes de la historia social y política gallega, como centro del incipiente feudalismo regional, luego como realengo y, por lo tanto, como ámbito preservado de libertades frente al mismo sistema. Como ciudad mercado, con una incipiente sociedad burguesa, que realmente ha sido siempre la cuna de las libertades. Y, por último, como centro de la vida provincial, capital de una de las provincias de Galicia hasta 1834, es decir, hasta un momento en que estaba muy desarrollada la estructura administrativa y política del nuevo régimen en España.

Ha sido camino, tránsito, vínculo con el resto de Galicia, España y Europa. Camino en el último ramal; el último es el ramal de los peregrinos, entre ellos el patrono, bajo cuya custodia, amparo y beneplácito nos encontramos hoy: San Roque, aquel ciudadano de Montpellier. En aquel momento, en que lo particular, lo autóctono, lo gallego, la lengua gallega, realmente se convierte en instrumento para divulgar lo que tiene siempre en la cultura europea de clásico, es cuando Fernán Pérez de Andrade, patrono cultural y señor de Galicia, hace traducir la Crónica Troyana al idioma autóctono. Y también se encuentra la dimensión última de lo europeo en el entronque de Cluny con Santiago a través de la peregrinación.

En Betanzos se respira esa sensación de perpetua renovación, revitalización de la tradición que yo he encontrado en algunas ciudades europeas. Digamos, por ejemplo en Lincoln, Inglaterra, o en las ciudades medianas de Provenza. Esta sensación de armonía realmente me ha motivado para haceros el pregón. Pero, ¿qué es hacer un pregón? ¿Qué es pronunciar un pregón? ¿En qué consiste un pregón? ¿Qué se pide al pregonero? Un pregón como es debido debe incluir una explicación, debe añadir un elogio y debe terminar, creo, por una convocatoria.



Una explicación de lo que se conmemora, sintetizando no sólo la historia de la ciudad, sino tratando de insertarla en el sentido que la fiesta tiene para la vida ciudadana. Porque no sólo la fiesta dignifica el trabajo cotidiano, sino que al mismo tiempo lo legitima y, al decir de algunos autores como podía ser Julio Caro Baroja, realmente es la fiesta en esta civilización mediterránea que decimos europea, la que civiliza y humaniza la vida cotidiana. En la medida en que la explicación está en boca, no es mi caso, de alguien que conoce la historia del lugar y que es un erudito, la explicación va imponiéndose, va insertando al ciudadano y su alegría en el sentido general de este mensaje.

Un elogio, el pregón debe incluir también un elogio. El pregonero debe hablar del Santo Patrono e, incluso cuando no es necesario como en este caso, hablar de San Roque.

El pregonero debe realmente hacer elogio ante la fiesta y debe, realmente, hacerse partícipe o intérprete del sentimiento común del gozo que reúne a los festejantes.

Una convocatoria: debe proclamar el pregonero, y lo hago: que la tristeza y aún la melancolía estén estos días desterradas; que en nombre de la ciudad que ha prestado al pregonero su voz, convoque al honesto, o en todo caso disculpable, espacamiento y que esa dimensión que siempre realmente tiene la fiesta, debe imperar, realmente, sin ninguna intermediación; que ese contacto que hay entre ciudad y campo, que esa sensación de estar cerca de la naturaleza y de sus dioses se ha mesturado hoy en la urbe; que las náyades del Mandeo o los fuegos fatuos que acompañan a las barcas cuando vuelven de los Caneiros están hoy en plena ciudad, y que realmente en esta ciudad se establece plenamente esta unión con la Naturaleza.

Convoco pues, conforme a la tradición, pero con mucho gusto y con mucho entusiasmo, a la alegría, a la buena mesa, al vino regocijante y al amor.

No es poco, por lo tanto, lo que tiene que hacer un buen pregonero. Alguno de mis predecesores desde este balcón, en otras ocasiones, veían en la ascensión del globo, el mayor globo de papel del mundo, una tradición que se continúa ininterrumpidamente desde D. Claudio Pita, un símbolo de Galicia, de la fragilidad, de la alegría, de la euforia, pero al mismo tiempo, una cierta debilidad. No tengo yo hoy aquí, sin embargo, la sensación de fragilidad; más bien, como otras veces en Betanzos, la tengo de esa solidez que nace de la conjunción entre tradición y progreso, trabajo y fiesta.

Betanceiros, gentes de las Mariñas y las que de otras tierras habeis venido llamados por la fiesta: ¡Las fiestas comienzan bajo la protección de San Roque y en la voluntad común de la alegría!

SALUD, PAZ y PROSPERIDAD PARA TODOS, ¡VIVA BETANZOS!

Fernando Morán



15 de agosto de 1993

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Fiestas Patronais San Roque 93, realizado polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez na persoa da rapaciña Laura Rivas Anido.

*Función do Voto
(16 de agosto)*
*Invocación do Alcalde a
San Roque, Patrón da
cidade*

Señor San Roque:

Ó postrarme de novo diante de Tí, para renovar unha costume secular que a Cidade de Betanzos e, no seu nome o Alcalde, che presenta, para agradecerche a túa xenerosa axuda que en momentos difíciles e cando máis o necesitabamos, nos dispensache, volvo a trasmisirte, novamente, a nosa mellor disposición e o noso máis sinceiro agradece-mento.

Os pobos e as cidades distínguese polas súas tradicións e polas súas actividades culturais. Betanzos renova nestes momentos, a través desta humilde presentación, unha tradición que ten máis de cinco séculos e que xunto coas más diversas festividades, quere recordarque, novamente, ó tempo que che volve a pedir a Túa mediación, protección e axuda.

O repique das campanas, o estruendo das bombas, a coroación das Raíñas, a presentación dos pregoeiros, a elevación do Globo, as romerías dos Caneiros, as manifestacións culturais, e un sinfín de actos que conforman o programa de festexos, non son nin más nin menos que un recoñecemento ó teu Patronazgo que nin o paso do tempo nin as variacións nas costumes, poden cambiar. Se, además, a capacidade de agradecemento distingue a quen a practica, Betanzos quere renova-la contigo cada ano.

Pídolle que durante estes días, tódolos cidadáns betanceiros e galegos, disfruten relaxadamente das súas festas e olviden os seus problemas e rencillas. E para que nos tempos presentes e tamén nos anos vindeiros, a Paz sexa a forma de convivencia entre tódalas nacións e pobos da terra. E que a solidariedade deixe de ser unha palabra vacía e se realice en toda a súa profundidade cos máis necesitados.

Axuda de forma especial ós cidadáns betanceiros que máis o necesitan: ós parados, para que atopen o traballo que necesitan; ós mozos, para que poidan conducirse pola senda fraternal e eviten os graves problemas que hoxe os "acechan"; ós anciáns para que despois dunha vida de entrega e sacrificio en favor da sociedade, atopen a comprensión e o cariño que merecen; ós enfermos, pare que poidan mellorar das súas enfermedades e en xeral a tódolos desfavorecidos para que, coa Túa axuda e auxilio, poidan atopar a verdadeira esencia da vida.

E como neste Ano Santo 93, realizanse numerosas peregrinacións a Compostela para agradecer e presentar ó Apóstolo Santiago a profunda espiritualidade das xentes dos máis diversos confins do universo, Eu como representante deste Municipio que forma parte do Camiño de Santiago, quero manifestarque, outra vez, os nosos profundos sentimientos cara a Tí e agradecerche todo o que fixeche e seguirás a facer por todos. Que así Sea. Gracias.



Manuel Lagares Pérez.

16 de agosto de 1993

O equipo do Compostela adxudicouse o Trofeo San Roque de futbol, celebrado no campo Garcia Irmáns, no que tamén participaron os equipos do Lugo e Betanzos.



16 de agosto de 1993

A elevación do tradicional globo de papel construído pola familia Pita congregou na Praza do Campo a cerca de cincuenta mil persoas. O globo, o máis grande do mundo construído en papel, sulcou de novo o ceo de Betanzos baixo a admiración do público asistente.➤

17 de agosto de 1994

En presencia do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e de numeroso público, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a entrega de premios dos Xogos Florais de Betanzos de 1993. O acto estivo presidido pola Raíña das Fiestas, Paula Pérez Gómez e a súa Corte de Amor. O primeiro premio recaeu no escritor Xavier Lama (de Guntín, Lugo), quen recibiu a Flor Natural polo poema: "Crepuscular memoria de Brigantium".

Fersal



18 e 25 de agosto de 1993

Como é tradicional nestes días tiveron lugar as xiras fluviais ós Caneiros, que contaron cunha grande asistencia de barcas engalanadas que sulcaron as augas do río Mandeo. Este ano por primeira vez, tras un acordo adoptado polos tres partidos políticos con representación municipal, rexerón unha serie de normas que serviron para salvagardar o tipismo desta romería. No concurso para premiar á embarcación mellor engalanada resultou ganadora "Ponte de madeira", sendo tamén premiadas as tituladas "Flores e palmas" e "Tractor amarillo".

Agosto de 1993

O Director do Anuario Brigantino, D. Alfredo Erias Martínez e a critico de arte, D^a Rosario Sarmiento Escalona, foron galardonados no certame organizado pola Federación de Cineclubes de Galicia sobre "Historia da Galicia Cinematográfica" celebrado en Carballiño, co primeiro premio polo seu traballo: "O cinematógrafo en Betanzos: 1901-1951".



19 de setembro de 1993

Alcaldes para o V Centenario visitaron neste día a nosa cidade, sendo recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez. Todos eles visitaron o Pasatempo, onde se descubriu un monumento en lembranza do V Centenario do Descubrimento de América.

19 de setembro de 1993

No Concello tivo lugar unha recepción por parte do Alcalde e membros da Corporación Municipal ó Orfeón de Gondomar (Portugal), que actuou na cidade, froito dun intercambio cultural coa Coral Polifónica de Betanzos.





24 de setembro de 1993

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino 1992, nº 15. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez a quien acompañaban diversos membros da Corporación municipal -entre eles, o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira-, así como o Director da publicación, D. Alfredo Erias Martínez, un representante de Caixa Galicia e o sacerdote da cidade de Betanzos de Bolivia. A presentación correu a cargo do Catedrático de Historia de Galicia da Universidade de Santiago, D. Xosé Ramón Barreiro Fernández e a ela asistiu numeroso público.



25 de setembro de 1993

Tivo lugar no Concello unha recepción por parte do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e membros da Corporación Municipal ó Club Rotary de Vilanova de Gaya (Portugal).



27 de setembro de 1993

Foi inaugurada oficialmente a nova Escola Taller Pasatempo nun acto celebrado na Sala Capitular do Concello no que estiveron presentes o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Salvador Fernández Moreda, o Delegado Provincial do INEM, D. Javier Morado, diversos rexidores municipais da comarca e o Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, quen realizou a presentación do proxecto.



2 de outubro de 1993

Dentro das instalacións do Centro Cultural Santo Domingo foi inaugurada a Oficina de Información Municipal. O acto contou coa presencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez quen agradeceu ó popular carpinteiro D. Rafael Vicente Teijo o seu traballo desinteresado na realización da artística obra.

8 de outubro de 1993

A igrexa de San Francisco serviu de marco ó concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, dirixida polo compositor suizo Mathias Aeschbacher, que interpretou obras de Andrés Gaos, Beethoven e A. Dvorak. Esta actuación, incluída dentro do Ciclo de Concertos da Fundación "Caixa Galicia", foi patrocinado pola citada entidade en colaboración co Concello de Betanzos.

10 de outubro de 1993

Por parte do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e polo Presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda foi inaugurado oficialmente o Paseo Ramón Beade, que completa a urbanización global do parque Pablo Iglesias. Foron acompañados polo Deputado Provincial, D. Antonio Lagares Pérez, un dos fillos de D. Ramón Beade, o concelleiro D. Ramón Beade Dopico, e outros membros da Corporación Municipal.



15 e 16 de outubro de 1993

O aumento do cañle do río Mandeo debido ás intensas choivas dos últimos días coincidiendo ademais con mareas vivas, deu orixe a inundacións nas zonas da Ribeira e Eira Vella. A auga alcanzou en algúns puntos cerca do metro e medio de altura, afectando a numerosos negocios e vivendas particulares, que sufriren importantes danos.



Outubro de 1993

O párroco de Santa María do Azougue, D. José Manuel Iglesias, publicou nestes últimos días un libro titulado "Vida Eucarística". O prólogo foi realizado polo Arcebispo de Santiago, D. Antonio María Rouco Varela.

17 de outubro de 1993

Neste dia tiveron lugar as eleccións autonómicas, cos seguintes resultados, sobre un censo de 9.772 votantes: PS de G-PSOE, 3.172; PP, 3.063; BNG, 807; EU-UG, 167; CG, 11.

28-31 de outubro de 1993

A Escola Taller de Betanzos conseguiu o primeiro premio na modalidade de carpintería no "II Salón de Turismo, Deportes e Desenrolo Rural (TURISPORT)", celebrado en Silleda o longo destes días. Conseguiron ademais o terceiro premio nas especialidades de forxa e cantería.

10, 17 e 24 de novembro de 1993

Nestes días celebrouse a primeira fase da campaña educativa "Tren do Pasatempo", organizada pola Xerencia Territorial de Galicia de RENFE, Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos. Os obxectivos son os de achegar ás nenas ás ventaxas do transporte por ferrocarril e favorecer o coñecemento de Galicia, neste caso da cidade de Betanzos; unha xornada en fin, chea de ledicia para os nenos que deixaron atrás os rutinarios libros de texto. Na nosa cidade percorreron o casco histórico e realizaron unha visita o xardín do Pasatempo e ó Museo das Mariñas.

16 de novembro de 1993

Foi inaugurada no Edificio Arquivo unha exposición de artes plásticas "Manos Unidas" patrocinada pola Deputación Provincial. O obxectivo desta exposición, que contou con obras donadas por diferentes artistas galegos, foi o conquerir fondos para construir un centro educativo no Betanzos de Bolivia.



23 de novembro de 1993

Na veciña cidade da Coruña inauguruouse unha exposición do fotógrafo e debuxante brigantino D. José Veiga Roel, que se complementou coa edición dun ben cuidado catálogo. A organización da mostra correu a cargo do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), e contou coa asistencia de numeroso público.»

Novembro de 1993

Na publicación internacional de turismo "Viajes y Vacaciones" correspondente a este mes integrouse un especial adicado a Betanzos. A separata relativa á nosa cidade, patrocinada polo Concello de Betanzos e presentada polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez foi enviada a tódolos brigantinos.

1 de decembro de 1993

Inaugurouse no Edificio Arquivo a exposición itinerante "Percepción: las puertas de nuestro cerebro", organizada pola asociación Ciencia y Cultura, que sorprende ós numerosos visitantes, preferentemente ós máis novos.



2 de decembro de 1993

Inaugurouse oficialmente a "Escuela Taller Pasatiempo" nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e que contou coa asistencia do Director Provincial do INEM, D. Javier Morado, membros da Corporación, Alcaldes da comarca e alumnos seleccionados.

11 de decembro de 1993

Os profesores do Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" de Betanzos, D. Marcelino Álvarez López, "Maino" e Dª María del Pilar Vallés Herrero, recibiron neste día un ben merecido homenaxe dos seus compañeiros con motivo da súa xubilación académica.

14 de decembro de 1993

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira e outros membros da Corporación Municipal, recibiron no Concello ós deportistas brigantinos máis destacados do ano.





15 de decembro de 1993

O xefe da Policia Local de Betanzos, D. Xosé Fidalgo García foi elixido Presidente da Asociación de Xefes de Policia Local de Galicia (AXEPOL) na primeira reunión levada a cabo por esta asociación na localidade de Sarria.➤



21 de decembro de 1993

As nenas Loreto Álvarez e Nuria Sánchez, recibiron o primeiro premio no concurso de carteis do nadal organizado polo Concello de Betanzos. O cartel gañador serviu para ilustrar o folleto informativo do programa deseñado pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes para as festas do Nadal, que incluiu diversos actos musicais, teatrais, e deportivos.➤

15 ó 30 de decembro de 1993

Poidemos contemplar nestes días no Edificio Arquivo tres exposicións: unha de óleos e pinturas de Salustiano Sánchez Sanmartín "Hancksens"; unha mostra artesanal dun belén e contos escenificados realizada por Finola Vázquez, e a exposición fotográfica "Os Camiños", que organizou a Consellería de Relacións Institucionais.

The booklet cover features a central illustration of a traditional Christmas scene with a nativity and a star above it. Above the illustration is a small crown icon. Below the illustration, the text reads: EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS, II PROGRAMA DE FESTEXOS DE NADAL E ANÍNOVO BETANZOS 1993/94. To the right of the illustration, there are two small icons: one of a bell and another of a person. At the bottom, there is more text and a Coca-Cola logo.

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS
II PROGRAMA DE FESTEXOS
DE NADAL E ANÍNOVO
BETANZOS 1993/94

NATIVIDADE DE MARIA DE ARQUITAN

DELEGACION MUNICIPAL DE CULTURA,
DEPORTES E BENESTAR SOCIAL
DELEGACION MUNICIPAL DE FESTEXOS

Coca-Cola

17 de decembro de 1993

Estrenouse no cine Alfonsetti de Betanzos a cortometraxe "O párroco embaucado", dirixida polo mozo brigantino, José Carlos Soler Gómez. Unha vez finalizada a proxección o público, que abarrotaba a sala, premiouuna cunha prolongada ovación.




19 de decembro de 1993

A Banda Municipal de Betanzos, sempre presente na vida da cidade ó longo do ano, recibiu de mans do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez o seu estandarte.



28 de decembro de 1993

D. Miguel Bermúdez Castro, de 17 anos, alumno de COU do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos, foi o gañador da Olimpiada Matemática de Galicia.



Er193
1x-1981

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1993
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE 1994